

Redacción

No 2.008 Adiante cumprirá 30 anos, e semella que vai chegar con boa saúde a esta etapa de madurez.

No 1978 creábase esta asociación veciñal nun contexto moi diferente ao de hoxe, cando a despoboación aínda non fixera mella no censo local.

O que non cambiou foi o compromiso dos habitantes de Igrexafeita con Adiante. Case tres décadas despois teñen 135 socios, e non hai casa no lugar que non teña algún asociado, tendo en conta que esta parroquia de San Sadurniño non chega aos 300 habitantes.

Desde aquela primeira directiva que presidira Manuel José Lamas Soto, a asociación foise adaptando aos cambios que ten experimentado o territorio no que traballan.

Perda de poboación

A asociación, como tantas no rural, acusa, a pesares de contar con moitos socios, a perda de poboación e fala de moitas actividades desenroladas e que se teñen perdido por mor desta perda, entre elas o teatro que pensan recuperar, proxeccións de cine ou competicións de fútbol e, posteriormente de fútbol sala.

Hoxe na pista polideportiva o rei é o tenis, e ás veces tamén se

Asociación de veciños "Adiante", un colectivo vivo

En Igrexafeita derrúbanse tódolos tópicos que nos fan da dificultade de acadar a participación en asociacións. Adiante é todo un exemplo de que se os veciños se ven representados e se traballa pola súa implicación, estes respontan.

"O local social da asociación foi reconstruído coas aportacións dos veciños"

xunta un pequeno grupo para xogar ao baloncesto.

Tampouco tiveron continuidade as xornadas micolóxicas, malia seren unha das primeiras asociacións en apostar por estas citas. A proximidade dunha zona de rica produción no Forgoselo facilitou o arranque de aquelas xornadas, pero logo a intermitencia destas acabou por facer que se perdesen.


San Xoán e o magosto

O que se mantén ano tras ano son convocatorias como o San Xoán ou o magosto. Mentres


noutros lugares se fala de recuperar estas tradicións, en Igrexafeita véñense celebrando de sempre.

Esta condición de clásicas é unha baza máis para os dirixentes para poder manter aos veciños implicados na Asociación. Aquí todos se senten protagonistas porque todos colaboran na organización duns festexos que coñeceron de sempre.

O mesmo acontece coas festas patronais, que estiveron preto de desaparecer por non contar con voluntarios para a súa organización. Tan só no 2.002 deixaron de celebrarse, pero agora teñen xa garantido o seu futuro vencellado á asociación veciñal. A vella "festa do viscordel" tivo tal importancia que a principios do século pasado era xa reflexada na prensa da época con especial atención á súa sonada feira de gando.



Presidente, Secundino García, e o directivo Xesús Soto diante do local social



No 1994 decidíuse comezar a celebrar unha feira gastronómica que terá como protagonista a chanfaina. Este embudido non faltaba xamais logo dos días da matanza, pois con el se aproveitaban os desperdicios do porco, que se xuntaban con sangue no interior dunha tripa. A elaboración comezaba xa a perderse cando hai 13 anos, se empezou coa festa da chanfaina, que hoxe está plenamente consolidada no mes de marzo.

Comenzouse a celebrar no mes de novembro pero agora faise coincidir co 18 de marzo en lembranza da xa perdida Feira do 18.

Do renome que ten acadado esta feira gastronómica dá boa conta a presenza de pregoeiros ilustres cada ano. Por Igrexafeita pasaron xente como Mela Casal, Lus Zahera, Xavier Alcalá, ou Xaquín Marín.

E canto á música tráese aos mellores grupos de folk. Sirva como anécdota que en Igrexafeita fixo a súa primeira actuación o grupo ferrolán Os Cempés.

Nos últimos anos os responsables de Adiante sfondaron nos traballos de investigación sobre este alimento, que crían case par-

Festa da chanfaina

Adiante pode presumir de ser unha sociedade moi viva, e na que os seus socios se senten responsables do seu funcionamento. A mellor proba témola cando chega o mes de marzo e hai que celebrar a festa da chanfaina.

"Adiante pode presumir de ser unha sociedade moi viva, e na que os seus socios se senten responsables do seu funcionamento"

ticular e propio, e teñen descurto que está extendido por todo o mundo, mesmo con nomes moi semellantes.

Pero a conexión máis estreita estableceuse co pobo extremeño de Fuente de Cantos. Allí levan 30 anos celebrando a súa festa da chanfaina, e allí estivo unha delegación de Adiante participando da última edición. Logo o os cacereños devolveron a visita.

Para este ano agárdase que saia un libro sobre a chanfaina, ao abeiro da festa extermeña, no que Igrexafeita terá un lugar destacado. Con este libro poderemos documentar a presenza da chanfaina en lugares tan dipareses como Romenía, Bolivia, Francia, ou Cataluña.

Directiva

Actualmente a directiva está formada por 9 membros. O presidente é Secundino García Casal, Isabel Soto Vivero, Montserrat Soto Soto, Xesús Soto Vivero, Consuelo Picos Picos, Alvaro Vega Tembrás, Carlos López Lamas, Sergio Rodríguez Casal, e Soledad Barro Rodríguez.

A directiva reúne unha vez ao mes, mentres que os socios son convocados cando menos días veces ó ano.

Faise unha asemblea xeral preparativa da festa da chanfaina, e a xeral a principio de ano. Esta roza sempre o pleno de participación, xa que en Igrexafeita hai o costume de pagar a cota anual en man. Aquí a ningún domicilio ou recibo, e o pago faise efectivo nesta reunión na que coinciden todos os veciños.

Instalacións

Adiante conta co seu propio local social nun edificio que lles foi cedido pola Igrexa. A que fora a antiga casa rectoral acolle hoxe a sede da agrupación veciñal, que conta cun salón de actos, sala de reunións, e cocina.

Alí se desenvolven os cursos e agora estase á espera de adecalo para poder acoller teatro afeccionado. Ese é un proxecto inmediato que se enmarca dentro

do obxectivo de descentralizar as actividades culturais no concello.

O local de Adiante ten a peculiaridade de que foi reconstruído coas aportacións dos propios veciños, o que lles supón telo agora en propiedade, e contar con este importante patrimonio.

Actividades

A elevada media de idade da poboación condiciona a programación máis regular de Adiante. A pouca xente nova que hai na parroquia é moi dada a colaborar en Adiante, pero teñen un serio handicap ao ter que estudar fora, o que lles impide traballar con asiduidade.

As actividades van máis enfocadas ao lecer formativo dos adultos e cursos como o de manualidades, ou o de cocina teñen un grande éxito. Tamén son moitas as veciñas que acoden ás clases de ximnasia de mantemento, e está creando expectación o vindeiro inicio dun novo curso de bordado.

Os cursos de ofimática e as celebracións conmemorativas da data das Letras galegas, tamén adoitan ter un bo poder de convocatoria.